



NORMAS DE CLASES TELEMÁTICAS

- 1.** O horario lectivo seguirá sendo o vixente na docencia presencial coas seguintes modificacións: as clases lectivas serán nun mínimo do 60% e a porcentaxe restante dedicarase a traballo práctico, é dicir, a realización de tarefas do alumnado.
- 2.** A plataforma que se utiliza para a realización das clases é CLASSROOM ou EDIXGAL. O seu uso é totalmente exclusivo para esta fin. Polo tanto, ningún proxenitor/a, alumno/a ou profesor/a poderá facer uso delas para cuestións persoais alleas a contidos académicos.
- 3.** Tanto proxenitores como o alumnado asinará un documento de compromiso sobre o deber, e o dereito, de gardar a privacidade e o dereito á intimidade de cada alumno/a e profesor no desenvolvemento das clases.
- 4.** Queda expresamente prohibido, e así constará no documento, a gravación, manipulación, exposición, realización de fotografías ou difusión de calquera contido das clases. O incumprimento desta norma será considerada falta moi grave e aplicarse a normativa vixente.
- 5.** A asistencia e puntualidade son obrigatorias. O alumnado debe preparar un lugar adecuado para seguir as clases, co material necesario en cada materia e coa presenza esixible nunha aula.
- 6.** A persoa xestora de cada clase é o profesor/a; este será quen dirixa o desenvolvemento, dea a palabra... E será a única persoa que faga uso das aplicacións dentro das plataformas (quitar ou dar a voz a algún participante, quendas de palabra, imaxe, exposicións...).
- 7.** O alumnado ten dereito, e o deber, de seguir as clases con atención, respectando en todo momento ao profesorado e aos seus compañeiros.